

Unidade didáctica

**EU SON ESTA TERRA
E ESTA AUGA**

XUNTA DE GALICIA

ÍNDICE:

Introdución	p.3
Sesión 1 A exposición	p.4
Sesión 2 A obra	p.4
Sesión 3 O meu Manuel María	p.25
Outras actividades de achegamento á obra de Manuel María e de ampliación	p.27
Pequena antoloxía complementaria de textos	p.27
Anexo I: Cuestionario da exposición Manuel María	p.31
Anexo I: Cuestionario da exposición Manuel María [solucións]	p.33

A unidade didáctica que tes diante ten como obxectivo responder ás necesidades que a meirande parte das profesoras e profesores teñen para achegar o seu alumnado á figura homenaxeada no Día das Letras Galegas inserindo esta actividade na súa práctica cotiá da aula. Polo xeral, o desenvolvemento do resto da programación didáctica non nos permite dedicarlle máis dunha semana a este labor, é por iso que as autoras deste traballo optamos por organizar a unidade de tal xeito que permita ser implementada nunha semana, isto é, en tres sesións de clase de 50 minutos; para aqueloutro profesorado que prefira achegarse máis a fondo ao poeta da Terra Chá, indicamos tamén outras actividades.

A estrutura é a seguinte:

Sesión 1 | A exposición: visita da exposición. Para esta sesión elaboramos un cuestionario que debe cubrir individualmente o alumnado e que procura garantir unha lectura atenta dos dez paneis.

Sesión 2 | A obra: análise na aula dalgúns dos textos da exposición. Nesta ocasión recompilamos os textos poéticos da exposición e ofrecemos unha serie de suxestións de posibles centros de interese para comentar co alumnado. O obxectivo non sería traballalos todos, senón elixir aqueles que mellor se adapten a cada grupo de alumnado segundo o seu nivel, idiosincrasia e preferencias lectoras, de xeito que lle poidan ofrecer unha visión máis ou menos ampla das principais liñas creativas do autor.

Sesión 3 | O meu Manuel María: achegamento máis persoal á obra. Procúrase agora que cada alumna e alumno escolla, lea, recree ou cree asumindo a obra de Manuel María e proxectándoa a través das súas propias vivencias.

Outras actividades de achegamento e ampliación | No seguinte apartado ofrecemos suxestións doutras actividades sobre o autor que requiren dunha maior disposición de tempo.

Pequena antoloxía complementaria de textos | No último apartado recompilamos un pequeno feixe de textos do autor que consideramos abondo significativos.

Afortunadamente é moito o material preexistente sobre o autor e neste ano, semana a semana, asistimos á publicación de novas producións que agroman polos centros educativos de toda a nosa xeografía. Lonxe de poder abranguer esa vizosa corrente, convidamos a quen quixer traballar sobre Manuel María a que visite espazos web de referencia como o apartado Recursos da páxina da Fundación Manuel María de Estudos Galegos, vertebrado ao redor do proxecto da Casa Museo do autor, sita en Outeiro de Rei, que ofrece unha ampla visión do escritor desde diferentes perspectivas de consulta.

Para alén desta fonte informativa principal, propomos tamén a consulta da páxina lingua.gal da Secretaría Xeral de Política Lingüística, a ficha do autor na páxina da Real Academia Galega, o apartado Letras Galegas da páxina da Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística, no Territorio do escritor da AELG, na Axenda cultural da AELG, no apartado Letras Galegas 2016 da Radio Galega e nas redes sociais, para ter unha visión máis completa sobre todo o que se está a facer.

Todas as ligazóns que aparecen nesta unidade pódense consultar recompiladas no enderezo manuelmariaexposicion.blogspot.com.es.



Manuel María no regato do Cepelo

SESIÓN 1 | A EXPOSICIÓN

1. Na aula ou noutro espazo, preferentemente na clase anterior á visita da exposición, conviría facer unha actividade de ambientación (máis ou menos dez minutos) na que o alumnado poña en común os seus coñecementos previos sobre Manuel María, época na que viviu, méritos para recibir a homenaxe do Día das Letras, algunha obra coñecida...
2. Visitamos a exposición e cubrimos de forma individual o cuestionario. (Anexo I)
Ofrecemos tamén o solucionario do cuestionario. (Anexo II)

SESIÓN 2 | A OBRA

3. Poema:

*Non hai no mundo ser tan desolado,
criatura máis ferida e pesarosa:
compañeiro da rosa ruborosa
e solidario irmao do desgraciado.*

*Eu nacín nunha casa moi fermosa
e, nela, deixei o meu pasado,
o tempo da nenez, o soño ousado,
e a miña adolescencia tormentosa.*

*A claridade volvéuseme foscior
malia vivir en min o gran encanto
da casa petrucial que quero tanto.*

*Eu só son, amiga, feliz co teu amor
e co gozo sinxelo deste canto
que purifica e sublima a miña dor.*

Sonetos á casa de Hortas (1997)



- Como se describe a si mesmo o eu lírico?
 - Con que adxectivo lembra Manuel María a súa adolescencia? Aplicaríaslle ti o mesmo adxectivo á túa? Que adxectivo elixirías para definir esta etapa que estás a vivir?
 - Que salienta como o máis positivo que habita no seu interior? Que cres ti que é o máis positivo que habita no teu interior?
 - Con quen cres que se identifica esa amiga da que fala na última estrofa?
 - Como describirías ti a casa na que naciches?
 - Que estrutura métrica emprega o poeta?
- Manuel María no poemario *Mar maior* (1963) escribe estes versos:

*“A infancia é a miña patria
verdadeira.
O meu paradiso perdido”*

- Que representa para Manuel María a infancia fronte á adolescencia? E para ti?



Manuel María cos seus pais e irmáns


4. Poema:

Tarxeta de visita

*Manuel María -xa o sabedes- é o meu nome
feble, corto, esguío e tan desamparado
que sempre o usei sen apelidos.
Un nome humilde como a brisa que fai
ondear as centeeiras, unha folerpiña
de neve -un salouco só que o ar desfai-
que non pode chegar ao chao sen derreterse.
Un nome como tantos, sinxelo e do pobo.
Polos Hortas apelídome Fernández,
vella casta xunguida á terra desde sempre
no meu Outeiro de Rei da Terra Chá.
Por parte de nai son Teixeiro, familia
de labregos, que aínda vive no vello
casal de Vilanova, perto a Lugo,
na parroquia que din de Sanamede.
De neno predeume o Miño coa súa música*

*e puxo no meu corazón vellos cantares.
Teño xa moitísimos anos repartidos
en alegrías, tristuras e fracasos.
Publiquei algúns libros. Son casado.
Levo barba entrecana para tapar o medo
que, como un verme, roi o meu sosego.
Procurador de oficio. Gáñome a vida
-e tamén o noxo e a desesperanza-
coa miña profesión e outras tristezas.
Agora vivo en Monforte para o que gusten,
coidando o amor, a comprensión, a fe
nos homes, na terra e máis na fala.
Carezo de títulos importantes. Non
teño vocación para archivar diplomas
que son febles papeis -fume de nada-
que sempre rematan no faiado
irremisibelmente roídos polos ratos.*

Remol (1970)



- A que cres que se debe o título do poema?
- En que tres elementos deposita a súa fe o poeta?
- Con cal dos adxectivos aparecidos no poema describirías a Manuel María? Xustifica a túa resposta.
- Que tres elementos incluírías na túa tarxeta de visita poética.
- Pensa que lle tes que presentar por Whatsapp un amigo á túa compañeira ou compañeiro de aula, que tres elementos incluírías na súa presentación?
- O poema recolle os apelidos de Manuel María. Os apelidos din moito

de nós. Procura nesta ligazón o significado dos seus apelidos:

<http://apelidosgalicia.org/>. Deseguido tenta localizar a orixe e significado dos teus.

- No poema aparecen varios nomes de lugar, que nome reciben? A que provincia galega pertencen? Que representan na liña do tempo vital de Manuel María?



Manuel María nunha conferencia

5. Poema:

*Prego dos dezanove anos
Sempre vou coas folerpas da túa nada
rezándoches decote un prego
tan cobizoso
como esa leira chea de centeo
á que bica o vento manseniñamente
nunha calma mística de silencios mudos.
Eu son o druida de dezanove anos
que se enguerella no teu amor,
vermello de lameiras e de ermos,
perdidos no escuro dun castiñeiro
unha tarde fría do inverno.
Por iso no altar dunha nogueira
sempre hai un incenso de toxo
e de carqueixa
que deixou unha andoriña namorada
das augas dun regueiro.*

E con esas azas túas
quero voar deica o misterio
para descubrir caladiñamente o meu rezar
aos raios paroleiros das estrelas
que ti fas brillar cada mañá nas codeseiras
da miña anguria fonda, fonda
como unha laxe aberta no corazón do tempo.
¡Ai, que pensamentos fondos aboian
nese ambiente de luz e de figueira
que ti gardas o fío irrompíbel dun salouco
crebando un silencio estábel de música calada!
O prego dos dezanove anos
pérase no fume azul da brétema
e fixéchelo nacer ti, só ti,
con ese gariteiro son de gaita
e estas badaladas de bardo morriñoso
que me fan doer a alma
e a mar os teus delirios,
e as toleadas de horizontes e de lúas
que van deixando un recendo a romeo
na miña alma
feita toda de caraveis vermellos que fuxían.
No teu pisar feble de andoriña
quedou cravado o meu segredo
de táboa de amieiro.
Só unha bolboreta no refaixo dunha landra
me contou as voltas dos muiños
no almanaque das fontes cantareiras.
Os anos, dezanove,
meteron a súa testa entre unas malvas
que se decataron do troular
de todos os caneiros.
Este prego, feito de aves e de loitos,
perdeuse na neve muiñada
pola debadoira tola dos meus soños.

Muiñeiro de brétemas (1950)



Uxío Novoneyra, Saleta e Manuel María
nas Costas do Parque, Lugo, 1957

- Como está presente o paso do tempo na composición?
- Quen é ese ti ao que alude o poeta na composición?
- Con que figura se identifica o poeta? Con que elementos da natureza dialoga esa personaxe?
- De que outro poeta famoso recolle esta figura?



Compostela 1952

6. Poema:

Poema persoal

Coa miña pel salvaxe de dócil animal civilizado
saio a pasear os domingos
para lucir os meus fermosos ollos de año manso.
E as miñas grandes mans de labrego cidadán
non atopan ningún pracer
xogando co ar inútil e contaxiado.
Toda unha teoría de pensamentos humanos
cingue aos meus amigos que falan
dunha rapaza cor tinta ou do partido
de fútbol xogando en Dinamarca no ano 29.
Se eu tivera un pulmón de aceiro
podería respirar estrelas fachendosas
que xogarían ao feito nas miñas entrañas.
As luces das fábricas
están apagadas eternamente
por culpa dun segredo que ten 30 anos.
O camiño ten unha carga de versos moi amarga.

Eu sigo nu, coa miña estantería de herba verde,
 que ten unha sensación de intre eternizado.
 É unha tola falta de senso que eu vaia
 cavilando nun xesto cómico do vello Charlot
 que existiu hai uns 25 anos.
 Eu, cidadán circunstancial, quero restaurar
 a gracia sinxela dunha seducción científica
 con recendo de novela policíaca
 de remate emocionante.
 Xa non voltarei a ter máis melancolía
 porque os xílgaros son uns señores ben cativos.
 E os meus cabelos enchéranse de cinza reflectida
 no corazón dun carballo vello e grave
 que xa non quere xogar cos pícaros á rula.
 O meu poema persoal
 naceu na miña carteira de estudante
 para suplir un amencer de bágoas escusadas.
 Vou sementando fumes inauditos na vergoña
 da miña carraxe sen himnos apaixonados.
 Son unha recta nociva e racional que procuro
 as praias do meu cuarto de pensión feito
 de fume de tabaco e de revistas que non din ren.
 A miña simpatía está inspirada nunha egolatría
 sen vibracións armóricas.
 ¡Nin plumas tráxicas nin antenas de radio
 puideron apreixar o meu desdén
 de apaixonado guerreiro predestinado...!
 Soamente unha preceptiva interna
 me dixo da buxola imprecisa
 para orientar o meu sangue sen medidas.

Morrendo a cada intre (1952)



- Como se contrapoñen no texto o campo e a cidade?
- Como prognostica o poeta que ha ser o seu futuro?




Manuel María coa toga de procurador

7. Poema:

Terra Chá

*A Terra Chá somentes é:
un pobo aquí, outro acolá,
mil árbores, monte raso,
un ceo chumbo e tráxico
no que andan as aves a voar.
O resto é soedá.*

Terra Chá (1954)



- Poderías indicar cal é a relación de Manuel María coa Terra Chá?
- Que ten de especial ese ceo que aparece no cuarto verso?
- En que dous versos podemos dicir que se concentra o ambiente emocional do poema?
- Trátase dunha paisaxe estática ou dinámica? Xustifica a túa resposta.
- Porque podemos cualificar esta composición como un exemplo de poesía minimalista?

8. Poema:

Dimensións

*Ollada a Terra Chá desde as alturas
é semellante a un mar en calma.
Pra medila só valen dúas mensuras:
ferrados de corazón, fanegas de alma!*

Terra Chá (1954)

- Hai unha identificación entre natureza e espírito? Xustifica a túa resposta.
- Que imaxe atopamos no segundo verso? Analízala.
- A simetría do cuarto verso resume o contido do poema. Explícala.



Con Suso Vaamonde, 1995

9. Poema:

Galiza

*Galiza docemente
está ollando o mar:
ten vales e montañas
e terras para labrar!*

*Ten portos, mariñeiros,
ciudades e labregos,
cargados de traballos,
cargados de trafegos!*

*Galiza é unha nai
velliña, soñadora:
na voz da gaita rise,
na voz da gaita chora!*

Galiza é o que vemos:
a terra, o mar, o vento...
Mais hai outra Galiza
que vai no sentimento!

Galiza somos nós:
a xente e mais a fala,
Se buscas a Galiza
en ti tes que atopala!

Os soños na gaiola (1968)



- En que dúas partes podemos dividir o poema?
- Con que elementos é definida Galiza na composición?
- Por que Galiza “ri” e “chora”? Dá unha explicación axeitada.
- Explica o significado da derradeira estrofa.

· Completa unha nova estrofa seguindo o modelo métrico de Manuel María:

Galiza é _____



Cos nenos no colexio de Alxén, en Salvaterra de Miño

10. Poema:

A fala

*O idioma é a chave
con que abrimos o mundo,
o salouco máis feble,
o pensar máis profundo.*

*O idioma é a vida,
o coitelo da dor,
o murmurio do vento,
a palabra de amor.*

*O idioma é o tempo,
é a voz dos avós,
e ese breve ronsel
que deixaremos nós.
O idioma é un herdo,*

*patrimonio do pobo,
maxicamente vello,
eternamente novo.*

*O idioma é a patria,
a esencia máis nosa,
a creación común
máis grande e poderosa.*

*O idioma é a forza
que nos xungue e sostén.
Se perdemos a fala
non seremos ninguén!*

*O idioma é o amor,
o latexo, a verdade,
a fonte de que agroma
a máis forte irmandade.*

*Renunciar ao idioma
é ser mudo e morrer.
Precisamos a lingua
se queremos vencer!*

As rúas do vento ceibe (1979)

- Que significa que o idioma é a chave coa que abrimos o mundo?
- Con que sete imaxes o poeta identifica o idioma?
- En que estrofa se identifica a lingua como elemento definitorio da identidade dun pobo?
- Cal é o “ronsel” do que se fala na terceira estrofa?
- Despois de teres lido o poema, como definirías ti o idioma?



Nun mitin do BN-PG

11. Poema:

*Nós non podemos ser a voz
que clama no deserto,
o tolo que estarabouza
nos camiños,
o grazneo da pega
nos carballos,
o laio do moucho
nos penedos.
Nós non podemos ser
a ollada tristeira
perdida na vastidade
do Atlántico,
un fisterre esquecido,
unha vella lembranza
acochada entre as brétemas,*

*unha soidade desamparada,
un berro chantado
nas entrañas que podrece
sen subir á gorxa varilmente.*

Aldraxe contra a xistra (1973)



- Con quen identificas ese “nós” do que fala o poeta?
- Que teñen en común todos os exemplos do que non debemos ser “nós”?
- Escribe unha segunda entrega para este poema que comece co verso “Nós temos que ser”.

12. Poema:

Sei o que vale un verso

*Sei que todos os versos do mundo
non valen o que vale un home,
o que vale
o berro dolorido dunha nai,
un bico apaixonado dos amantes
ou o tenro recendo dunha flor.
Sei que os versos non valen
pero sigo escribindo sen parar.
Sigo escribindo con carraxe,
entusiasmo e paixón
por se acado algo de poesía
-unha folliña só que move o vento-
entre a faramalla das miñas
pobres verbas desnortadas.
Un verso nunca vale
o que vale o chío dun paxaro,
nin ten a forza dun río
ou o poder arrepiante dunha bala.
Pero eu sigo fidel, encadeado
á música amorosa das palabras.*

Remol (1970)

- Con que elementos o eu poético compara o valor dun verso?
- Que sentimentos levan á creación poética?
- Como se expresa a reflexión metapoética?
- Se un verso non vale nada, que leva o poeta a seguir escribindo?



Conferencia no Centro Galego de Barcelona

13. Poema:

Poema do alleado

*Son un bilingüista
moi apaixonado,
un colonialista
ben colonizado.
Teño lingua nai,
e unha lingua pai
e unha lingua filla
que me marabilla.*

... ..

*Son un alleado
fino e progresista
ben domesticado.
¡Son un castrapista
como está mandado!*

Cantos rodados para aliados e colonizados (1976)



Saleta, José Saramago, Manuel María, Carmen Fernández e Bernardino Graña. Lisboa, 1989.

- Relaciona os termos bilingüismo e colonización.
- Cal é o significado do adxectivo “castrapista”?
- Sinala elementos irónicos no poema.
- Que significa o termo “alleado” que titula o poema?

14. Poema:

ROSAS

*SEMPRE a rosa. Sempre:
a forma,
a cor,
o recendo,
a luz,
a perfección da rosa.
Prefiro a rosa vermella.
E amo a rosa branca
porque, cando lle digo
simplesmentes: ROSA,
entrecerra os ollos,
treme
e ruborece.*

A luz resucitada (1984)



- * Visionamento do poema “Rosas” recitado por Manuel María (duración 39 segundos). Pódese atopar na rede nos recursos da páxina da Fundación Manuel María de Estudos Galegos.
- De que maneira o autor personifica a rosa?
 - Por que a rosa simboliza a beleza?
 - Se che preguntasen a ti, que elixirías como símbolo da beleza?



Día da voda con Saleta | Manuel María e Saleta en Grecia

15. Poema:

A Saleta

*Non sei como agradecer tanta tenrura,
tantos días usados en común,
tantas horas de plenitude,
tanta beleza que enterraches en min,
tanta luz gastada simplemente
en ollarme envellecer: oficio duro,
doente, fatal e inevitábel.
Eu só teño, para celebrar a túa
nidia e inmarcesíbel primavera,
esta melancolía señardosa
semellante, cecais, a unha camelia
e as palabras murchas e acedas
que intentan florecer nos meus poemas.*

A luz resucitada (1984)



- De que dúas formas se manifesta o eu poético?
 - A quen e a que se dirixe a adxectivación negativa do poema?
 - Que relación gardaría a camelia co significado da composición?
 - Saleta e Manuel María están vistos dende unha mesma perspectiva no poema?
- Sinala as diferenzas.





Con Díaz Pardo, 1995

16. Poema:

*Cando xa estea canso de verdade
e as cousas e o mundo non acendan
en mín ningún fervor, quero
deitarme, Outeiro, no teu chao,
contemplar o brillo das estrelas,
o paso das nubes tráxicas e grises
mentres, con todo o meu ser, vou,
moi de vagar, dun xeito lúcido,
facéndome, para sempre, terra túa,
e ensumíndome, calado, no teu seo.*

Ritual para unha tribo capital de concello (1986)

- A que se refire o substantivo Outeiro do cuarto verso?
- Onde atopamos a presenza da morte nesta composición poética?
- Que metáfora agocha a palabra final do poema?
- De que maneira poeta e paisaxe rematan sendo un?



Diante da tumba de Castelao, 2000

SESIÓN 3 | O MEU MANUEL MARÍA

17. Elaboración dun poema propio partindo dun verso seleccionado de Manuel María.
18. Elaboración dun retrato poético de Manuel María.
19. Elaboración dun mapa mental que recolla as diferentes temáticas e obras de Manuel María. O mapa mental pódese elaborar en formato papel en forma de mural para expoñelo na aula ou no centro, ou en formato dixital tamén para compartilo na rede.
20. Recitado de poemas de Manuel María.



21. Realización de acrósticos que conteñan o nome do poeta.

22. Visualización da presentación *A natureza na obra de Manuel María. As plantas e as árbores* (2016) realizada con fotos de Adela Leiro e Mon Daporta. Recolle poemas de Manuel María centrados na vexetación e ponlles imaxes, selección que permite apreciar a enorme capacidade de observación da natureza e recreación poética do poeta onde calquera elemento por cativo que sexa é merecente de tanta atención como o mesmo Sol. Moi útil tamén para lle achegar ao alumnado urbano o coñecemento do medio natural. Convida tamén a que o alumnado escolla unha árbore ou unha planta e tente achegarse a ela dende a perspectiva poética.

23. Visualización da presentación *A natureza na obra de Manuel María. Animais (varios)* (2016) realizada con fotos de Adela Leiro e Mon Daporta. Recolle poemas de Manuel María centrados nos animais e ponlles imaxes, selección que permite apreciar a enorme capacidade de observación da natureza e recreación poética do poeta onde calquera animal se pode converter no centro do universo poético. Convida tamén a que o alumnado escolla un animal e tente achegarse a el dende a perspectiva poética.

24. Visualización da presentación *A natureza na obra de Manuel María. As aves* (2016) realizada con fotos de Adela Leiro e Mon Daporta. Recolle poemas de Manuel María centrados nas aves e ponlles imaxes, selección que permite apreciar a enorme capacidade de observación da natureza e recreación poética do poeta onde calquera animal se pode converter no centro do universo poético.

Ademais das fotografías dos diferentes paxaros, ofrece información sobre o seu hábitat e mapas de Galiza onde podemos ver a súa localización xeográfica. Moi útil tamén para lle achegar ao alumnado urbano o coñecemento do medio natural.

Convida tamén a que o alumnado escolla unha ave e tente achegarse a ela dende a perspectiva poética.



Homenaxe a Alexandre Bóveda, 2002 | Manuel María no seu ingreso como membro da RAG, 2003

OUTRAS ACTIVIDADES DE ACHEGAMENTO Á OBRA DE MANUEL MARÍA E DE AMPLIACIÓN

25. Visita virtual á Casa de Hortas, sede da Fundación Manuel María de Estudos Galegos a través da presentación realizada por Revolta da Freixa e mais pola Fundación Manuel María.
26. Visita programada á Casa-Museo Manuel María en Outeiro de Rei.
27. Elaboración dun videopoema partindo dalgunha composición de Manuel María.
28. Elaboración dun cadro a partir do poema “Terra Chá” ou de calquera outro elixido polo alumnado.
29. Realización dunha versión en rap da composición “A Fala”.
30. Visionamento da curtametraxe documental *Manuel María. A palabra estremecida e alertada* de Manolo Graña, Arturo Iglesias e Eduardo Álvarez (duración 10 minutos). Nel poderemos ver o autor intervindo en actos públicos e escoitalo recitar a súa obra. Pódese atopar na rede nos recursos da páxina da Fundación Manuel María de Estudos Galegos.
31. Quedada literaria para unha lectura pública de versos de Manuel María.
32. Creación dun espazo Manuel María no centro educativo que pode ser temporal ou permanente.
33. Elaboración dunha exposición con citas de textos de Manuel María que se poden acompañar de creacións plásticas.
34. Audición dos *Diálogos Manuel María: Teresa Seara* e interpretación desta visión crítica da obra do autor. (Actividade para bacharelato)
35. Proxección de vídeos sobre Manuel María. Ofrecemos unha listaxe de reprodución en YouTube onde fomos recollendo diferentes interpretacións dos poemas do autor e mesmo algunha intervención súa.
36. Preparar a representación dalgunha das pezas dramáticas de Manuel María que ofrece a web da Fundación Manuel María, ver páxina web da exposición.

PEQUENA ANTOLOXÍA COMPLEMENTARIA DE TEXTOS

Bando

*Prohíbese, por orde da Alcaldía,
que medren porque si
as rosas do xardín municipal.
Dende agora as pombas teñen
que pedir licenza pra voar.
Prohíbese á lúa
andar ceiba de noite polo ceo.
A lúa é unha tola que vai espida
dando mal exemplo ás nenas castas
i ós fillos de familia.
Pagarán trabucos os poetas.
Prohíbese soñar de 10 a 11.
Prohíbese tamén derramar bágoas.
Pódese chocar tan só cando hai sequía
pra que non fiquen baldeiros os pantanos.
Un só se pode emocionar
os Xoves e os Domingos
cando toca
a Banda do Concello no quiosco.*

*Están fora da Lei
as estrelas, a Primavera
as flores i os paxaros.
Dase este bando en tal e cual
pra que se cumpra
de orde do Alcalde.
Firmado e rubricado.
Documentos personaes (1958)*

O arco da vella

*O arco da vella
no ceo subido
co seu colorín,
co seu colorido.*

*O arco da vella
con sete cores
que teñen no ceo
beleza de flores.*

O arco da vella
no ceo chantado
co seu colorín,
co seu colorado.

O arco da vella
é un arco triunfal
con sete guerreiros
que a ninguén fan mal.

O arco da vella
de luz feito é.
Resulta un milagre
que siga de pé!
Os soños na gaiola (1968)

O meu burriño

Arre, corre,
meu burro trotón,
meu burriño manso,
meu burriño bon!

Corre meu burriño,
non galopes, voa!
A ver si lle gañas
ao vento que zoa!

Arre, meu burriño
que es un preguiceiro!
a ver si lle gañas
ó vento lixeiro...!

Arre meu burriño,
nos cascos pon as!
Se queres, ao vento
deixarás atrás!

Arre, meu burriño!
Corre máis deprisa!
Que se perde o vento
xa verás que risa...!
Os soños na gaiola (1968)

A emigración

Pra ver marchar ós emigrantes
(íanse case todos polo mar)
nos tempos de denantes
somentes se había que achegar
a un porto calqueira:
había alí santísimo xentío
que semellaba unha feira
de dor e de arrepío.

Cando saía un vapor
pra calquer lado iba carregado
de mágoas e de dor.
Os labregos galegos
iban como cegos
a ser gomitados
en Bos Aires, A Habana e Nova York
ou a ser desembarcados
noutros portos menos nomeados.
Agora non é como denantes:
os emigrantes
non van en vapores
pra a América soñada:
venden os seus suores
i asa súas dores
á Europa cultivada,
industrializada
e supercivilizada.
Ou vanse pra Bilbao,
que queda máis a maó,
e tamén pra Madri e Barcelona,
ciudades de primeira, de boa sona,
na que hai barrios turbios,
suburbios,
arrabais
e mínimos xornais
pra emigrantes normais.
Versos pra cantar en feiras e romanxes (1969)

Breve manual pra deprender pra señorito

Aínda que non sexa moi bonito
non é difícil chegar a señorito.
Primeiro hai que odiar ó comunismo
e pensar soamentes en un mesmo,
non facerlle moito caso ós pais
e ter certo desprezo prós demais.
Hai que ter en conta o que convén,
adquirir modales finos,
codearse só con “xente ben”,
aproveitados, cucos e cretinos,
ser socio de tódolos casinos,
mercar sempre autos deportivos
e traxes e corbatas elegantes,
coñecer toda clas de aperitivos,
saberse comportar nos restaurantes,
distinguir os wiskis ó cheiralos,
entender de bridge e de canasta,
de golf, de tenis e cabalos,
non alternar con xente doutra casta.
Tamén é comenente ter querida,
xantar e cear sempre ás deshoras,
abusar o que se poida da bebida
e ser moi galante coas señoras.
Non falar galego endexamais

(é idioma do pobo, moi vulgar),
vivir do que súan os demais,
je denantes morrer que traballar!

Versos pra cantar en feiras e romanxes (1969)

Galiza é un outono puro e bon,
un río que discorre mansamente,
lume abrasador, fértil semente,
futuro presentido e en sazón.

E foi labrando o tempo –luz, paixón–
o seu ser escuro e transcendente,
luíndo o corazón de toda a xente
e conformando a terra e o torrón.

Galiza é unha agarda moi madura
que non permite prazos, dilacións,
estancamentos, freos ou coutadura.

¡Abonda xa de laios e cancións!
¡Non queremos ser río de tristura
correndo pola vida a tropezos!
Poemas ó Outono (1977)

Agora que é Outono, miña amiga,
miña amante e sinxela compañeira,
habémonos chegar deica a ribeira
onde a brisa deixou unha cantiga.

E que sexa Outono quen nos diga
os segredos que ten a sementeira,
como se foi espindo a carballeira
e que promesas granarán na espiga.

Nós sabémonos puros e cumpridos
ó sentirnos tan un e tan xunguidos
nesta paisaxe lene e musical.

¿Non lembras, en Outonos xa vividos,
ó río retratar no seu cristal
os soños que coidábamos perdidos...?
Poemas ó Outono (1977)

Fuche ti quen me deprende
que o amor é un esforzo
que se fai intre a intre,
día a día,
ano a ano,
vida a vida.
O amor é manter acesa
a chama inexplicable
que nos deslumbrou,
cuidar a roseira

que naceu sen saber
como
na terra do noso sentimento.
O amor é conservar
inmarcesible
a única rosa
que non se repite
endexamáis.

Poemas da labrada estremecida (1985)

O noso amor é mencer, tamén solpor,
escuridá da noite e luz do día,
lucero escintilante que nos guía
a un universo senlleiro e tentador.

Non é soidade o amor, melancolía,
brillante, sobrehumano resprandor:
¡berro fondo, calado, aterrador
que, urxentemente, esixe compañía!

O verdadeiro amor sempre é mencer,
claridade que nace porque si
na imprecisión total do noso ver.

Non teño outro degaro, máis querer,
que vivir, miña amiga, perto a ti
e, ó teu lado, soñar e envellecer.

Poemas da labrada estremecida (1985)

Canción da claridade das palabras

A palabra é a única chave que abre
a nosa intimidade e pon, á luz
do sol e do luar,
a choída intimidade máis escura.
A palabra nomea e crea as cousas,
pon orde no mundo
e armoniza a toda a creación.
Cando prostituímos a palabra
estamos invocando ó demoníaco.
E se deixamos morrer unha palabra
o universo enteiro
dóese de orfandade e desamparo.
As lúcidas lúas de Outono (1988)

Balada pra María Balteira

María Balteira, dona das sorrisas,
que reinaches sobre versos de amor,
ouh miña señor corpo delgado:
amores hei baixo as abelairas.
No teu corazón de mel gardache
saloucos namorados feitos dun roxo,

doce e queimante lume abrasador:
quen fía e tece ben lle parece.

María Balteira, dona de orballo,
flor galega e románica que abriche
o teu recendo de gracia e de beleza
coa mesma naturalidade que abre
os seus ollos a alba namorada,
miña señora do corpo ben tallado
como a cervia que vai á auga fría:
quen fía e tece ben lle parece.

María Balteira, dona da primaveira,
orballo que non mata a nosa sede,
trigo que non acala a nosa fame,
cunca de viño en tódalas pousadas,
árbore que dá sombra ó camiñante
ouh miña señor corpo belido, leda
e lixeira como as ondas do mar:
quen fía e tece ben lle parece.

María Balteira, dona das estrelas,
ría que nunca deixa de correr,
chío de cotovía, voz de reiseñor,
fonte gustosa e benfeitosa,
ronsel de resprandores e de lúas,
ouh miña señor corpo xentil, doado
e cimbreante como un bimbio:
quen fía e tece ben lle parece.

María Balteira, dona das mapoulas,
dos maios doces cando están as rosas
en sazón, sorpresa sempre renovada,
camiño endexamáis andado, muller
e pomba ventureira, xograresa
ouh miña señor corpo fermoso con
recendor a terra i a misterio:
quen fía e tece ben lle parece.

María Balteira, dona do segredo,
da ppregunta nunca respostada.
María das cantigas de escarño:
quen fía e tece ben lle parece.
O libro das baladas (1978)

.....
Reconciliádevos coa terra,
con pura espiritualidade
da materia que sinte, ama
e odia: só ela fai os altos,
fondos sentimentos humanos.
Comprendede e amade.
Dádevos, sen retesías, á
forza que move ó mundo,
á música acordada e visible
das esferas:

conduciravos
do mesmo xeito que o río
vai do mar ate o misterio:
único camiño que
vos pode levar á eternidade.

Comprendido de orballos e incertezas (1991)

.....
Deixade que o voso corazón se abra
coa beleza deste noso mundo
tan carnal, amigo e amoroso:
á luz clara e máxica dos días,
ao engado das noites,
á música de toda a creación
e aos silencios pechados nos que
cada un de nós pode estar oíndo
o inquedante latexar de si mesmo
en armonía con canto existe e estivo,
algunha vez, no ser das cousas.
Amade sempre a terra nosa nai
e cada vez seredes máis humanos
e cecais poderemos comprender
que só o amor nos leva á éxtase:
único xeito de unión
coa plenitude total do universo.

Comprendido de orballos e incertezas (1991)

ANEXO I: CUESTIONARIO DA EXPOSICIÓN MANUEL MARÍA

No teu percorrido pola exposición, vai indicando o número de panel e a resposta ás preguntas.

1. Que libros le Manuel María que atopaba na biblioteca do seu pai?

Panel Resposta:

2. Cita tres autores que coñeza en Lugo na súa mocidade.

Panel Resposta:

3. Cita tres autores que coñeza en Compostela na súa mocidade.

Panel Resposta:

4. Que dous grupos de persoas se reunían nos faladoiros antifranquistas?

Panel Resposta:

5. Cal é o seu primeiro libro? Que característica posúe esta obra?

Panel Resposta:

6. Cal é a súa primeira obra de teatro?

Panel Resposta:

7. De que tipo é a poesía inicial do autor? En que grupo se encadra?

Panel Resposta:

8. Que libro marca un cambio na súa poesía? Que pasa a retratar agora o poeta?

Panel Resposta:

9. Por que el e outros autores non podían publicar en Galicia as súas obras?

Panel Resposta:

10. Que funda en 1967? Para que?

Panel Resposta:

11. Para que abren Saleta e mais Manuel María a librería Xistral?

Panel Resposta:

12. Cal é o seu poemario infantil de máis éxito?

Panel Resposta:

13. Que outro poemario centra o destinatario nos nenos da cidade? Que pretende?

Panel Resposta:

14. Cal era o principal propósito de Manuel María? Que fixo para conseguilo?

Panel Resposta:

15. Cita dúas obras de denuncia social.

Panel Resposta:

16. Indica catro temáticas presentes na obra poética de Manuel María.

Panel Resposta:

17. Segundo o autor, que dúas obrigas temos nós coa lingua?

Panel Resposta:

18. Cal é o xénero literario que máis o define como autor? Que outros xéneros cultivou?

Panel Resposta:

19. En que institución entra en 2003? A que lle dedica o seu discurso de ingreso?

Panel Resposta:

20. Despois de teres visitado a exposición, con que tres ideas definirías a figura de Manuel María?

Panel Resposta:

ANEXO I: CUESTIONARIO DA EXPOSICIÓN MANUEL MARÍA [solucións]

No teu percorrido pola exposición vai indicando o número de panel e a resposta ás preguntas.

1. Que libros le Manuel María que atopaba na biblioteca do seu pai?

Panel Resposta: *Cantares gallegos* de Rosalía, pezas teatrais de Carré Alvarellos e *O gaiteiro de Lugo*.

2. Cita tres autores que coñeza en Lugo na súa mocidade.

Panel Resposta: Ánxel Fole, Luís Pimentel, Ánxel Xohán ou Ricardo Carvallo Calero.

3. Cita tres autores que coñeza en Compostela na súa mocidade.

Panel Resposta: Ramón Otero Pedrayo, Fermín Bouza Brey e Carlos Maside.

4. Que dous grupos de persoas se reunían nos faladoiros antifranquistas?

Panel Resposta: A intelectualidade galega silenciada ou exiliada e as novas xeracións.

5. Cal é o seu primeiro libro? Que característica posúe esta obra?

Panel Resposta: *Muiñeiro de brétemas* (1950), é o primeiro libro publicado integramente en galego por un autor novo na posguerra.

6. Cal é a súa primeira obra de teatro?

Panel Resposta: *Auto do taberneiro* (1957)

7. De que tipo é a poesía inicial do autor? En que grupo se encadra?

Panel Resposta: Existencialista. Na Escola da Tebra.

8. Que libro marca un cambio na súa poesía? Que pasa a retratar agora o poeta?

Panel Resposta: *Terra Chá*. Agora retrata a identificación do poeta coa terra.

9. Por que el e outros autores non podían publicar en Galicia as súas obras?

Panel Resposta: Porque o impedía a censura da ditadura fascista.

10. Que funda en 1967? Para que?

Panel Resposta: Funda a editorial Xistral para axudar os contemporáneos e as novas xeracións a visibilizar a súa escrita.

11. Para que abren Saleta e mais Manuel María a librería Xistral?

Panel 5 Resposta: Para lle chegar o libro galego á sociedade para descubrir a riqueza cultural do país.

12. Cal é o seu poemario infantil de máis éxito?

Panel 6 Resposta: *Os soños na gaiola* (1968)

13. Que outro poemario centra o destinatario nos nenos da cidade? Que pretende?

Panel 6 Resposta: *As rúas do vento ceibe* (1979). Aprender o que somos como pobo.

14. Cal era o principal propósito de Manuel María? Que fixo para conseguilo?

Panel 7 Resposta: Contribuír á pervivencia do idioma. Entregarse por completo ao traballo cultural.

15. Cita dúas obras de denuncia social.

Panel 7 Resposta: *Cantos rodados para aliados e colonizados*, *Poemas para construír unha patria*, *Aldraxe contra a xistra ou Laio e clamor pola Bretaña*.

16. Indica catro temáticas presentes na obra poética de Manuel María.

Panel 8 Resposta: Paisaxe, amor, crítica irónica, nostalxia, existencialismo, morte, viaxe, reflexión metapoética...

17. Segundo o autor, que dúas obrigas temos nós coa lingua?

Panel 8 Resposta: Nós recibimos a lingua en usufruto e temos a obriga de conservala e melloralala.

18. Cal é o xénero literario que máis o define como autor? Que outros xéneros cultivou?

Panel 9 Resposta: A poesía. Cultivou tamén a narrativa, a dramática, o ensaio e mais o artigo xornalístico.

19. En que institución entra en 2003? A que lle dedica o seu discurso de ingreso?

Panel 10 Resposta: Na Real Academia Galega. Á poesía e paisaxe da Terra Chá.

20. Despois de teres visitado a exposición, con que tres ideas definirías a figura de Manuel María?

Resposta: Resposta libre.

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Fundación Manuel María de Estudos Galegos

Recompilación, redacción e corrección dos textos: Pilar Ponte e Mercedes Queixas

Maquetación e deseño: Lidia Sánchez

Imaxes cedidas pola Fundación Manuel María de Estudos Galegos

Dep. Legal: C 498-2016



